

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 08/02/2021
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 08/02/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 01-feb-2021, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2021/0287

Dáse conta do escrito presentado por D. Eladio Lema Gómez dando conta da rotura do espello situado na Rúa Bouza de Cea e solicitando a reposición do mesmo.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á reposición do espello co fin de garantir a seguridade da circulación.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2021/0288

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por DIGAMEL AROUSA SLU para substitución da iluminación no corredor de entrada ao Salón Principal no Auditorio Municipal, con luminarias downlights led, por un importe total de 1.998,92 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0289

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Calefacciones Paulino SL para reposición do depósito de inercia de auga quente para as instalacións da Escola Infantil A Galiña Azul en Carril, por un importe total de 2.238,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 323.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0291

Vista a proposta do Responsable de Compras da Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar

o orzamento presentado por SEPY MEDICAL SL, para o subministro de 1 termómetro infravermellos con dispendador de xel e 2 termómetros dixitais infravermellos modelo kft-22, por un importe total de 372,40 € (IVE exento), con cargo á partida 920.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0293

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de xaneiro de 2021 de aprobación do orzamento presentado pola Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia para a renovación do servizo de soporte e mantemento da aplicación informática vida web presupuesta.com para o ano 2021, figurando no mesmo, con cargo á partida 150.22799, e debendo figurar "con cargo á partida 150.22706".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2021/0295

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de xaneiro de 2021 de aprobación do orzamento presentado pola Empresa Edatalia data solutions SL para a renovación do servizo de subscrición dunha licenza de dez postos de sinatura do software ecoSignature durante o ano 2021, figuran no mesmo "por un importe de 1.016,14 € (IVE incluído)", e debendo figurar "por un importe de 1.016,40 € (IVE incluído)".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2021/0298

A Sociedade Galega do Medio Ambiente(Sogama) leva a cabo a bonificación do canon de Sogama sempre que se acredite entre os meses de xaneiro e febreiro de cada ano a redución do lixo e a reciclaxe de envases lixeiros. A Xunta de Goberno Local acorda remitir acreditación do cumprimento de unha redución da xeración de lixo e/ou fomentar a reciclaxe dos envases lixeiros, e trasladar ese rebaixe ao recio da veciñanza.

1º En relación á recollida selectiva en contenedor amarelo(kg) e recollida selectiva papel/cartón (kg) dáse conta da comparativa falicitada por Ecoembes,, que acredita o incremento da reciclaxe:

CONCELLO VILAGARCIA		
ACTIVIDAD	Enero-Octubre 2019	Enero-Octubre 2020
Recogida Selectiva en Contenedor Amarillo (kg)	543.450	635.760
Recogida Selectiva Papel/Cartón (kg)	468.196	481.720

2º Dáse conta das accións realizadas para fomentar a recollida selectiva:

Co obxectivo de concienciar á poboación da importancia de separación e depósito no lugar axeitado dos residuos que se recollen no punto limpo e nos colectores específicos situados na rúa (principalmente residuos orgánicos, aceite de cociña e roupa), os últimos anos estase a realizar unha campaña consistente en que cada vez que un cidadán deposita un residuo no lugar axeitado reciba un recoñecemento en forma de premio.

Para xestionar estes premios cóntase cunha plataforma multimedia que ten por obxecto fomentar a reciclaxe e a responsabilidade ambiental entre a cidadanía premiando de forma directa as boas accións ambientais. Así cada vez que unha persoa realice unha destas accións recibirá un “cheque” con puntos (estrelas) que poderá ir acumulando e poderá cambialas por descontos e agasallos que achegan os comercios locais e establecementos de hostalaría que colaboran coa plataforma.

TEIMAS DESENVOLVEMENTO S.L., con CIF B-70179973 é a empresa encargada de realizar esta campaña.

3º A Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo establece na disposición final quinta o seguinte:

"Nos exercicios en que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia estableza unha bonificación do 10% do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos de Sogama e o Concello de Vilagarcía de Arousa deba trasladar o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, establécese unha bonificación que minorará o importe da tarifa de xeito proporcional a cada obrigado tributario, por un importe total equivalente ao da dita bonificación.

A bonificación practicarase no padrón do primeiro semestre do ano natural seguinte ao da aplicación da ordenanza fiscal municipal, previo acordo da Alacaldía no que se determine o importe total da minoración a practicar".

RECURSOS HUMANOS

PRP2021/0282

Dáse conta das bases específicas que regulan o proceso selectivo para cubrir 6 prazas de funcionarios/as de carreira, de Auxiliar Administrativo de Administración Xeral (subescala auxiliar da escala de administración xeral, subgrupo profesional C2) previstas na Plantilla de persoal e vencelladas a postos na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vilagarcía de Arousa, así como contempladas na oferta de emprego público do ano 2019(3 prazas) e oferta de emprego público do ano 2020(3 prazas). A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0309

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión da información sobre execución orzamentaria de gastos de persoal para o ano 2020, actualizadas ao terceiro trimestre (31 de setembro de 2020) de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e da Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012, dando un total de 386 empregados e un total de gasto de 11.842.436,86€ (retribucións e seguridade social), dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2021/0333

Dáse conta de Proposta das Concellerías de Benestar Social e Medio Ambiente para a contratación a BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L. para Actuación de limpeza, mantemento e conservación de espazos naturais de uso público na contorna do Concello de Vilagarcía de Arousa para o ano 2021.

Esta colaboración vense desenvolvendo dende fai anos, coa finalidade de favorecer a integración socio-laboral das persoas de espectro autista usuarias dos Centros de Bata. Bata é a única entidade de atención a persoas cos autismo en Vilagarcía de Arousa e que ademais conta cun centro especial de emprego para favorecer a integración laboral das persoas con autismo.

A contía da contratación para o ano 2021 ascende a 9.272,64 € (IVE INCLUIDO)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNDIAD SL para a actuación "limpeza, mantemento, conservación de espazos naturais de uso

público e zonas verdes no entorno do Concello de Vilagarcía de Arousa durante o ano 2021", polo importe citado de 9.272,64 €, con cargo ás partidas 231.22799 (4.636,32 €) e 171.22799 (4.636,32 €)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EMPREGO

PRP2021/0335

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xaneiro de 2021 de aprobación de orzamento para a contratación do alugueiro de dúas rúas da piscina municipal para o desenvolvemento da formación do alumnado do Obradoiro de Emprego Labora Xove 2020, figurando no mesmo "Servicio C.D. y Recreación SL" e debendo figurar " Servicio SL".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2021/0337

Dáse conta do escrito presentado por D. Ricardo Jimenez Borja en nome do colectivo de Venda Ambulante do Mercado de Vilagarcía de Arousa solicitando, como en outros Concellos, que se aplace a renovación anual de autorizacións debido ás restricións con motivo do Covid-19.

Visto o informe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda pospoñer a renovacións de autorización de venda ambulante do mercado de Vilagarcía de Arousa, ata que as condicións sanitarias por mor da COVID-19 permitan a celebración do mercado con normalidade.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2021/0292

Dáse conta da proposta do Servizo de Turismo en relación co Plan Estratéxico de Turismo de Vilagarcía de Arousa que poña en valor o territorio, incremente a competitividade turística e potencie o emprego e o emprendemento, que foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local de 13 de xaneiro de 2020, á Empresa Avivae Solucións Estratéxicas SL, por un importe total de 14.883,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 432.22799, de conformidade coa proposta presentada.

Tendo en conta que con motivo da Pandemia do COVID-19 o traballo non puido ser realizado e entregado ao Concello no ano 2020, a Xunta de Goberno Local acorda renovar a adxudicación á Empresa Avivae Solucións Estratéxicas SL, polo mesmo importe de 14.883,00 €, con cargo á partida 432.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0277

Dáse conta da seguinte proposta da Concellería de Turismo:

A Concellería de Turismo está a traballar na procura de dotar a Praia Concha-Compostela de máis atractivos e actividades na tempada estival para que a afluencia de usuarios siga incrementándose, o que provocará tamén máis público nas rúas de Vilagarcía, co beneficio que iso supón para todo o sector da hostalería en xeral.

No marco desta iniciativa, a empresa AVENTURA NOROESTE, S.L., está interesada na instalación dun parque acuático multiaventura na Praia Concha-Compostela, que sería un dos primeiros en Galicia, dende primeiros de xullo ata finais de setembro deste ano 2021.

O parque ten unhas medidas de 28x22,5 m, o que supón unha superficie de 715 m², estaría balizado en todo o seu perímetro e conta con 2 ou máis monitores para controlar a actividade.

Dado que a instalación deste parque na nosa praia vai supoñer unha promoción de Vilagarcía e un atractivo máis para achegarse ata aquí e que non supón gasto para este concello, a Xunta de Goberno Local acorda mostrar a conformidade con esta instalación durante a tempada de verán 2021 e solicitar diante da Xefatura Provincial de Costas a autorización pertinente, para a súa instalación cos condicionantes que sexan precisos.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2021/0260

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á póliza de seguros para o camiión Iveco Trecasa modelo 50C16 e matrícula 6675LMF, adscrito ao Servizo Municipal de Vías e Obras, formalizado coa entidade aseguradora Mutua General de Seguros con nº de póliza 12275886, polo período que vai do 22/01/2021 ata o 01/01/2022, prorrogable anualmente, ascendendo o importe total da prima a cuantía de 574,66 €, con cargo á partida 920.224, e o recoñecemento de obriga polo citado importe unha vez presentada a correspondente factura por parte da compañía aseguradora.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2021/0284

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira da Área de Igualdade para aprobar a solicitude de subvención para contratación de 4 mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas Entidades Locais Galegas para o ano 2021.

A Consellería de Emprego e Igualdade ten convocadas para o presente exercicio 2021, axudas para o fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero inscritas no servizo público de emprego como demandantes, ou como mellora de emprego.

A poboación de Vilagarcía a sítua entre as entidades que poden solicitar subvención ata un máximo de 4 contratacións.

A contía da subvención por cada muller contratada a tempo completo, será a necesaria para sufragar ata un máximo de 12 mensualidades, segundo Convenio Colectivo en vigor e acorde coa categoría profesional.

- Compreendendo as retribucións salariais brutas totais.
- inluída a parte proporcionáis das pagas extraordinarias
- as cotas á seguridade social por parte da empresa, na mesma cantidade que a fixada para o salario,

Aos efectos desta subvención no se consideraran custos salariais subvencionables:

- O importe da indemnización prevista no artigo 49.1 do estatuto dos traballadores.
- Incentivos e gratificación extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

No caso de resolución positiva da solicitude, os contratos deberán estar efectuados antes do 1 de xullo de 2021.

En base ao exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A aprobación dunha solicitude de subvención para a contratación de catro mulleres en situación de violencia de xénero, polo período de 12 meses, coa categoría profesional correspondente ao Grupo V e con

destino nos servizos de conxerxería e xardines preferentemente, polas seguintes cuantías:

A contía para a que se solicita subvención é: 71.258,88€

A contía a aportar pola parte do Concello é: 1.533,6€

2.- Financiar polo Concello a parte non subvencionable da acción que se detalla, así como os custos derivados de IT, que non serían subvencionables.

3.- As retribucións salariais brutas totais en cómputo mensual, incluídas a parte proporcional de pagas extra, as cotas a seguridade Social se corresponden co Convenio Colectivo vixente.

Consultado co departamento de persoal, estas retribucións quedan desglosadas do seguinte xeito:

GR. V (AP) N. compl. (C.D.) 7 Ocup: CNAE – 32,75%

Salario Base	Complemento/CD	Incentivo	Rateo extra	paga	Rateo Incentivo	PE	Indemn. Cese	Total Retribucións	SS Empresa	Custo total
600,58€	198,77€	159,2€	133,23€		26,53€		31,95€	1.150,27€	366,25€	1.516,51
TRABALLADORAS	CUSTO TOTAL MENSUAL SUBVENCIONABLE/ TRABALLADORA							SUBVENCIÓN a SOLICITAR (4 Traballadoras/12meses) Xornada Completa		
4	1484,56€							71258,88€		
TRABALLADORAS	Indemniz. Cese mensual/traballadora				TOTAL APORTACIÓN CONCELLO					
4	31,95€				1.533,6€					

CONTRATACIÓN

PRP2021/0286

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de xaneiro de 2021, resolveuse o contrato asinado coa mercantil Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L., como adxudicataria da obra “Reforma de edificación para albergue de Peregrinos-Carril”, sen que este chegase a iniciarse.

Visto que a orde en que quedaron clasificadas as ofertas na citada licitación foi a seguinte:

LICITADOR	Puntos oferta económica	Puntos mellora incremento prazo garantía	Puntos mellora luminaria	Puntos mellora regleta estanca	Puntos mellora proxector SIM	Puntos melloras xardiñeira horm.	Puntos mellora porte vitis vinífera	Puntuación total
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	30	35	9,5	4	15	6	0,5	100
Obras Gallaecia, S.L.	27,28	35	9,5	4	15	6	0,5	97,28
Contratas Vilor, S.L.	19,2	35	9,5	4	15	6	0,5	89,20
Obras y Servicios Gómez Crespo, S.L.	16,45	35	9,5	4	15	6	0,5	86,45
Esvedra Obras y Reformas, S.L.U.	15,21	35	9,5	4	15	6	0,5	85,21
Actividades de Construcción Edificación y Viales,	2,32	35	9,5	4	15	6	0,00	71,82

S.L.

Realizada consulta dos datos obrantes nas bases de datos de Axencia Tributaria do Estado, Seguridade Social, Rexistro Concursal, rexistro oficial de licitadores y empresas clasificadas do sector público, rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e na recadación municipal do concello de Vilagarcía de Arousa, da segunda empresa clasificada Obras Gallaecia, S.L., resulta que a empresa non mantén débedas coas administracións referidas, non está de alta rexistro concursal, atopándose inscrita en ámbolos dous rexistros de contratistas e clasificada no Grupo C, subgrupo 2, categoría 4, polo que acredita a súa capacidade de obrar, e a súa solvencia económico financeira e técnica e profesional, ao ser un dos métodos previstos nos pregos para acreditar a solvencia posuir a clasificación, cando menos, no Grupo C, subgrupo 2, categoría 3.

Resultando que solicitada garantía definitiva a seguinte empresa clasificada, Obras Gallaecia, S.L., está presentou, con data 02/02/2021 (rexistro Web 2021000499, aval número 0182000999785, por importe de 21.862,15€, expedido polo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria),

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar o contrato “Reforma de edificación para albergue de Peregrinos-Carril”, á mercantil Obras Gallaecia, S.L. (B70018981), por importe de 437.243,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 91.821,03 €, resultado un orzamento de adjudicación (IVE engadido) 529.064,03€, con cargo á partida 432.63200, e que inclúe as seguintes melloras:

- Incremento do Prazo de Garantía: 1 ano
- Mellora da luminaria susp. led de la partida 14.01 do proxecto técnico de obra.
- Mellora da regleta estanca industrial c/REFL. 1x18W led que figura na partida 14.03 do proxecto técnico da obra.
- Mellora do proyector SIM. LED 30W que figura na partida 14.04 do proxecto técnico da obra.
- Mellora da xardiñeira Horm. PREF. 100x40x40C que figura na partida 19.14 do proxecto técnico da obra.
- Mellora porte Vitis Vinífera 1.5-1.8 CONT. que figura na partida 19.15 do proxecto técnico da obra.

PRP2021/0367

Por Resolución do Instituto Enerxético de Galicia, do 19 de xuño de 2020 (DOGA número 129 do 01 de xullo de 2020), aprobáronse as bases reguladoras e se anunciou a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para os anos 2020-2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Dende fai uns anos este concello esta levando a cabo a substitución dos sistemas de calefacción dos Centros Socioculturais e escolas unitarias, por outros cunha mellor eficiencia enerxética.

Seguindo con estas iniciativas e concedidas, en data 12/11/2020, ás subvencións correspondentes aos expedientes que deseguido se relacionan:

- Expediente: IN421G-89 correspondente á instalación de Estufa de Aire Biomasa no Centro Cultural Breogán de O Piñeiríño.
- Expediente: IN421G-132 correspondente á instalación de Estufa de Aire Biomasa na Escola de Vilar en Bamio.
- Expediente: IN421G-131 correspondente á instalación de Estufa de Aire Biomasa no Centro Sociocultural de Guillán.

1.- Solicitados orzamentos a tres empresas especializadas neste tipo de subministros, para o subministro e instalación dunha estufa de pellets Canalizable marca Ecoforest de 30 KW modelo Oslo, preséntanse as seguintes ofertas para o EXPEDIENTE IN421G-89 INSTALACION DE ESTUFA DE AIRE BIOMASA NO CENTRO CULTURAL BREGÁN DE O PIÑEIRÍÑO:

Licitador	NIF	Oferta excluído)	(IVE Oferta (IVE engadido)
Instalaciones Ecovila, S.L.	B-94064045	7.009,00 €	8.480,89 €
Servicios Lacar Salnés, S.L.	B-01747328	7.527,00 €	9.107,67 €
Juan Carlos Rodríguez Rodríguez	35468601-W	8.520,00 €	10.309,20 €

2.- Solicitados orzamentos a tres empresas especializadas neste tipo de subministros, para o subministro e instalación dunha estufa de pellets Canalizable Brompi de 9 KW modelo Rita, preséntanse as seguintes ofertas para o EXPEDIENTE IN421G-132 INSTALACION DE ESTUFA DE AIRE BIOMASA NA ESCOLA DE VILAR EN BAMIO:

Licitador	NIF	Oferta excluído)	(IVE Oferta (IVE engadido)
Calefacciones Paulino, S.L.	B-36275279	1.675,00 €	2.026,75 €
Javier Abalo González	35460598-A	1.875,00 €	2.268,75 €
Jose Angel Raposo Ibañez	35465570-F	1.925,00 €	2.329,25 €

3.- Solicitados orzamentos a tres empresas especializadas neste tipo de subministros, para o subministro e instalación dunha estufa de pellets Canalizable marca Ecoforest de 30 KW modelo Oslo, preséntanse as seguintes ofertas para o EXPEDIENTE IN421G-131 INSTALACION DE ESTUFA DE AIRE BIOMASA NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE GUILLAN:

Licitador	NIF	Oferta excluído)	(IVE Oferta (IVE engadido)
Instalaciones Ecovila, S.L.	B-94064045	6.315,00 €	7.641,15 €
Servicios Lacar Salnés, S.L.	B-01747328	6.674,00 €	8.075,54 €
Juan Carlos Rodríguez Rodríguez	35468601-W	7.654,00 €	9.261,34 €

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Adxudicar para o EXPEDIENTE IN421G-89 INSTALACION DE ESTUFA DE AIRE BIOMASA NO CENTRO CULTURAL BREOGÁN DE O PIÑEIRIÑO á mercantil Instalaciones Ecovila, S.L. con NIF B-94064045 o subministro e instalación de unha estufa de pellets Canalizable marca Ecoforest de 30 KW modelo Oslo, por importe de 7.009,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.471,89 € o que totaliza un importe de adjudicación de 8.480,89 €, con cargo á subvención para proxectos de enerxías renovables térmicas, para os anos 2020-2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

2º.- Adxudicar para o EXPEDIENTE IN421G-132 INSTALACION DE ESTUFA DE AIRE BIOMASA NA ESCOLA DE VILAR EN BAMIO á mercantil Calefacciones Paulino, S.L. con NIF B-36275279, o subministro e instalación dunha estufa de pellets Canalizable Brompi de 9 KW modelo Rita, por importe de 1.675,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 351,75 € o que totaliza un importe de adjudicación de 2.026,75 €, con cargo á subvención para proxectos de enerxías renovables térmicas, para os anos 2020-2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

3º.- Adxudicar para o EXPEDIENTE IN421G-131 INSTALACION DE ESTUFA DE AIRE BIOMASA NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE GUILLAN á mercantil Instalaciones Ecovila, S.L. con NIF B-94064045, o subministro e instalación dunha estufa de pellets Canalizable marca Ecoforest de 30 KW modelo Oslo, por importe de 6.315,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.326,15 € o que totaliza un importe de adjudicación de 7.641,15 €, con cargo á subvención para proxectos de enerxías renovables térmicas, para os anos 2020-2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

(Partida 334.62300).

PRP2021/0371

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de Promoción Económica, Emprego e Industria para aprobar

a memoria valorada de ampliación de Hidrantes no Parque Empresarial de Trabanca Badiña e solicitar á vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación financiamento con cargo á orde de 18 de decembro de 2020.

No Diario Oficial de Galicia número 4, do 8 de xaneiro de 2021, publicouse a Orde do 18 de decembro de 2020, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestructuras dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Polo enxeñeiro técnico industrial don Óscar Álvarez González redactouse a memoria valorada denominada "AMPLIACIÓN DA INSTALACIÓN DE HIDRANTES PARA A LOITA CONTRA INCENDIOS NO P.E. DE TRABANCA BADIÑA", cun orzamento (IVE engadido) de 13.488,27€.

A execución do investimento mencionado na mellora das infraestructuras, só se realizará se a Consellería de Economía, Emprego e Industria concede a subvención obxecto desta proposta. No caso de que efectivamente se conceda dita subvención, o Concello deberá achegar o montante económico necesario para a execución das inversións naquela parte que non estea financiada pola subvención que outorgue a Consellería citada.

Téndose en conta que este concello cumpre con tódolos requisitos esixidos pola convocatoria da axuda para investimento na mellora das infraestructuras dos parques empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a Memoria valorada redactada polo Enxeñeiro Técnico don Óscar Álvarez González denominada "Mellora das infraestructuras viarias do Polígono Empresarial de Trabanca Badiña (Alumeado Público)", cun importe de licitación de 13.488,27 € (IVE engadido).

2.- Solicitar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro das bases de axudas para investimento na mellora das infraestructuras dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, publicadas no Diario Oficial de Galicia número 4, do 8 de xaneiro de 2021, unha subvención nos seguintes termos:

a) Solicitar unha subvención por importe de 10.790,62 € (80% do orzamento da memoria valorada).

b) Colaborar no financiamento da inversión cunha achega municipal de 2.697,65€ (20% do orzamento da memoria valorada).

PRP2021/0401

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de promoción económica, emprego e industria para aprobar a memoria valorada de Reordenación da sinalización viaria do Polígono Empresarial de Trabanca Badiña e solicitar á vicepresidencia segunda e á Consellería de Economía, Empresa e Innovación financiamento con cargo á orde do 18 de decembro de 2020.

No Diario Oficial de Galicia número 4, do 8 de xaneiro de 2021, publicouse a Orde do 18 de decembro de 2020, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestructuras dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Polo enxeñeiro técnico industrial don Óscar Álvarez González redactouse a memoria valorada denominada "REORDENACIÓN DA SINALIZACIÓN VIARIA DO P.E. DE TRABANCA BADIÑA", cun orzamento (IVE engadido) de 16.670,81 €.

A execución do investimento mencionado na mellora das infraestructuras, só se realizará se a Consellería de Economía, Empresa e Innovación concede a subvención obxecto desta proposta. No caso de que efectivamente se conceda dita subvención, o Concello deberá achegar o montante económico necesario para a execución das inversións naquela parte que non estea financiada pola subvención que outorgue a Consellería citada.

Téndose en conta que este concello cumpre con tódolos requisitos esixidos pola convocatoria da axuda para investimento na mellora das infraestructuras dos parques empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a Memoria valorada redactada polo Enxeñeiro Técnico don Óscar Álvarez González denominada “REORDENACIÓN DA SINALIZACIÓN VIARIA DO P.E. DE TRABANCA BADIÑA”, cun orzamento de licitación (IVE engadido) de 16.670,81 € (IVE engadido).

2.- Solicitar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro das bases de axudas para investimento na mellora das infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, publicadas no Diario Oficial de Galicia número 4, do 8 de xaneiro de 2021, unha subvención nos seguintes termos:

a) Solicitar unha subvención por importe de 13.336,65 € (80% do orzamento da memoria valorada).

b) Colaborar no financiamento da inversión cunha achega municipal de 3.334,16€ (20% do orzamento da memoria valorada).

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2021/0274

De conformidade co disposto na base 57ª das BEO 2020, dase conta á Xunta de Goberno Local do informe da Intervención Municipal de seguimento de execución do Orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa en termos consolidados, (Entidade+Organismo Autónomo), correspondente ao 4º Trimestre 2020, así como da súa remisión o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, estando a información disponible na Sede electrónica.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0297

De conformidade coa Operación “Ampliación da administración electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa, lote 1” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato mixto de servizos-subministro aprobado, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo persoal do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da seguinte factura:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUBMINISTRO/SERVIZO
IMATIA INNOVATION, S.L	A2010 2020/1048 REG 20/9546	4.840,00€	491-6400017 AD19-24820	DESENVOLVEMENTO DO NOVO MANUAL DE USUARIO

PRP2021/0299

De conformidade coa Operación “Adquisición dun sistema de xestión tributaria e plataforma EDITRAN para o Concello de Vilagarcía de Arousa, lote 1” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato de subministración aprobada, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo persoal do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación das seguintes facturas:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUBMINISTRO/SERVIZO
GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A	VS120-0575 REX 2021/32	3.549,33€	491-6410017 AD19-12297	SERVIZO EXPLOTACIÓN CLOUD, MES DE DECEMBRO 2020. CONTRATO APLICACIÓN INFORMÁTICA DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

PRP2021/0300

